

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE ABRIL DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

- Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se dispón que cese Silvia Valdés Díaz de Freijo como secretaria xeral de Medios.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Medios a Pedro Rojo Otero.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo a María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta de Galicia na Coruña a María Belén do Campo Piñeiro.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo a Javier Arias Fouz.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Ourense a Manuel Pardo Cid.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta de Galicia a en Ferrol a Martina Aneiros Barros.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia de Turismo de Galicia a Xosé Manuel Merelles Remy.
- Decreto polo que se dispón que cese Elena Muñoz Fonteriz como secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Francisco Javier Abad Pardo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se dispón que cese María Belén do Campo Piñeiro como directora xeral de Patrimonio Natural.
- Decreto polo que se dispón que cese Jacobo Hortas García como director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Patrimonio Natural a María Sol Díaz Mouteira.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se dispón que cese a presidenta do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a María Patrocinio Morrondo Pelayo.
- Decreto polo que se nomea directora xeral da Axencia Galega de Innovación a Carmen Cotelos Queijo.
- Decreto polo que se nomea presidente do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a Juan José Nieto Roig.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Heredia Pérez como director xeral de Comercio e Consumo.
- Decreto polo que se dispón que cese Patricia Argerey Vilar como directora xeral da Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial a Margarita Ardao Rodríguez.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se dispón que cese Jorge Atán Castro como secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Arturo López Iglesias como interventor xeral da Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se dispón que cese Almudena Chacón Pichel como directora xeral de Planificación e Orzamentos.
- Decreto polo que se dispón que cese David Cabañó Fernández como director xeral de Política Financeira e Tesouro.
- Decreto polo que se dispón que cese José María Barreiro Díaz como director xeral da Función Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Oitavén Barcala como director xeral de Simplificación Administrativa.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública a David Cabañó Fernández.
- Decreto polo que se nomea interventora xeral da Comunidade Autónoma a Almudena Chacón Pichel.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico a Arturo López Iglesias.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal a Nuria Aguilar Vázquez.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio a José María Barreiro Díaz.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón que cese María Pilar Arias Graña como secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a Yago Borrajo Sánchez.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Vivenda e Urbanismo a Heriberto García Porto.
- Decreto polo que se nomea a María Victoria Núñez López como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a Elvira María Casal García.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se dispón que cese Alberto Fuentes Losada como secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Decreto polo que se dispón que cese Elena Mancha Montero como directora xeral de Relacións Laborais.
- Decreto polo que se dispón que cese Margarita Ardao Rodríguez como directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a Joaquín Macho Canales.
- Decreto polo que nomea secretario xeral da Emigración a Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Comercio e Consumo a Gabriel Alén Castro.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Joaquín Macho Canales como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural a Jorge Atán Castro.
- Decreto polo que nomea director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a Silvestre José Balseiros.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese Silvia Cortiñas Fernández como secretaria xeral técnica da Consellería do Mar.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería do Mar a Marta Barreiro Castro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o Corpus Christi de Pontearreas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de A Madanela, no concello de Monterrei (Ourense).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Pino, para a mellora da accesibilidade no entorno da capela de A Magdalena, por importe total de douscentos trinta e sete mil douscentos sesenta e catro euros con sesenta e cinco céntimos (237.264,65 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 por un importe total de cento oito mil setecentos oitenta e dous euros con corenta e oito céntimos (108.991,28 €), así como a superación do límite do 80 % da porcentaxe subvencionada, establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para os pagamentos á conta.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación Provincial da Coruña, para subvencionar o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2024-2025, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €), e se lle autoriza a superación do límite de pagamentos anticipados ata un máximo de cento sesenta e tres mil trescentos sesenta e cinco euros con cincuenta céntimos (163.365,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación Provincial da Coruña, para subvencionar o funcionamento do centro de formación profesional Rosalía Mera durante o curso escolar 2024-2025, por importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €), e se lle autoriza a superación do límite de pagamentos anticipados ata un máximo de trinta e cinco mil seiscentos corenta e un euros con oitenta e sete céntimos (35.641,87 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño durante o anos 2024, 2025, 2026 e 2027, e se procede á súa convocatoria. Importe total: oitocentos seis mil douscentos euros (806.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con trastorno do espectro autista, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido e discapacidade intelectual o período 2024-2028. Importe total do orzamento: doce millóns seiscentos sesenta e tres mil setecentos dezaseis euros con noventa e sete céntimos (12.663.716,97 €). Valor estimado total: corenta e sete millóns setecentos mil oitenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (47.700.085,79 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos na normativa reguladora de subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerá o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior para os anos 2024 e 2025, e se procede á súa convocatoria. Importe total: un millón trescentos mil novecentos trinta e dous euros con oitenta céntimos (1.300.932,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, suxeita a regulación harmonizada, do servizo asistencial de atención diúrna nos centros de día de San Sadurniño, Ferrol-Esteiro, Ferrol-Caranza, Ares e As Pontes. Expediente CIB/2024-0004. Importe de licitación: un millón catrocentos setenta e tres mil trinta e dous euros con seis céntimos (1.473.032,06 €). Valor estimado: seis millóns setecentos noventa e oito mil seiscentos nove euros con cincuenta céntimos (6.798.609,50 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza superar o límite e eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios Ambientais, Sociais e de Gobernanza (ASG) nas pemes galegas para o ano 2024, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de un millón de euros (1.000.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, con varios empresarios, da subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia (expediente AMT-2024-0057) por un valor estimado de dezasete millóns setecentos dezaioito mil cincocentos euros (17.718.500,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de dez millóns vinte e seis mil cincocentos cincuenta e catro euros con once céntimos (10.026.554,11 €) e un valor estimado de dezasete millóns cento catorce mil oitocentos sete euros con vinte e un céntimos (17.114.807,21 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Ferrol, por un importe total de licitación de sete millóns vinte e sete mil seiscentos oitenta e oito euros con nove céntimos (7.027.688,09 €) e un valor estimado de once millóns novecentos corenta e sete mil sesenta e nove euros con setenta e seis céntimos (11.947.069,76 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se toma razón das axudas para promover a primeira experiencia profesional das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre matrícula gratuíta para o curso universitario 2024-2025.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a posta en marcha de novas prazas públicas de atención diúrna e residencial de discapacidade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas á transformación dixital das pemes para o ano 2024, susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418 (Malpica).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe Estudo sobre os hábitos lectores e compra de libros en Galicia 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a contratación dos traballos para o inicio das novas zonas de reestruturación e os avances nas zonas de concentración parcelaria activas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA PRESIDENCIA E DAS CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA

- Créase a Oficina de Coordinación Económica e a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais, dentro da Presidencia
- As delegacións territoriais pasarán a estar adscritas tamén á Presidencia
- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asume todas as competencias de mobilidade
- Habilítase unha dirección xeral para a tramitación administrativa dos proxectos de enerxías verdes e outra especializada na posta a disposición de solo empresarial
- A Secretaría Xeral de Igualdade divídese en dous direccións xerais: de Promoción da Igualdade e de Loita contra a Violencia de Xénero
- Vivenda contará cunha secretaría xeral propia da que dependerá Urbanismo e o Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Facenda asume a partir de agora as competencias de xogo

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que establecen a nova estrutura orgánica da Presidencia e das consellerías do Goberno autonómico e que inclúen, entre as principais novidades, a creación da Oficina de Coordinación Económica con rango de secretaría xeral e a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo, dependente da Asesoría Xurídica Xeral.

Estes dous novos organismos dependerán directamente da Presidencia da Xunta, ao igual que as delegacións territoriais que pasarán a estar adscritas a este departamento.

Outra das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse direccións territoriais. O seu titular será designado libremente polos titulares de cada consellería entre funcionarios dos grupos A1 e A2 ou persoas con acreditada competencia e experiencia profesional no eido no que desempeñarás as súas funcións. Ademais, o organismo Galicia Calidade pasará a depender da Axencia Turismo de Galicia.

Pola súa banda, nesta nova lexislatura, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asume a Dirección Xeral de Mobilidade que centralizará a xestión de todo o transporte - incluído o escolar-, así coma outros servizos coma o teléfono 065.

Na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático créase a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático que se vai encargar de toda a tramitación administrativa dos proxectos de enerxías verdes.

No caso da Consellería de Política Social e Igualdade, a antiga Secretaría Xeral de Igualdade vaise dividir en dous departamentos: a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os decretos aprobados hoxe tamén inclúen a creación da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, dependente da Consellería de Economía e Industria, e que será a encargada de atender as necesidades de solo empresarial para o desenvolvemento económico da comunidade.

Na Consellería de Facenda e Administración Pública desaparece a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro porque as súas competencias pasan a depender da Secretaría Xeral do Tesouro. Ademais, a xestión do Patrimonio da Comunidade Autónoma pasa a integrarse na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e as competencias de xogo pasarán a depender tamén desta Consellería.

Outra das novidades no Goberno autonómico é a creación dunha secretaría xeral de Vivenda e Urbanismo, dentro da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da que dependerá a Dirección Xeral de Urbanismo -e dentro dela a Axencia de protección de legalidade urbanística- e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Nesta nova etapa, o Servizo Galego de Saúde pasa a integrarse por completo no organigrama a Consellería de Sanidade e, no caso da Consellería do Medio Rural, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias sepárase a nova Dirección Xeral da PAC e do Control da cadea alimentaria.

Os cambios incluídos na estrutura orgánica da Xunta de Galicia teñen o obxectivo de primar a horizontalidade, centralizando os asuntos por departamentos. Deste xeito, por exemplo, todo o vencellado ao transporte dependerá dun mesmo organismo. E os mesmo con o servizos sociais, con sanidade ou con vivenda e urbanismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA O NOMEAMENTO DE BELÉN DO CAMPO, JAVIER ARIAS, MANUEL PARDO E MARTINA ANEIROS COMA DELEGADOS DA XUNTA NA CORUÑA, LUGO, OURENSE E FERROL

- Pedro Rojo Otero, designado novo Secretario Xeral de Medios
- Xosé Manuel Merelles, nomeado director da Axencia Turismo de Galicia e Isabel Concheiro, directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento lexislativo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Belén Do Campo, Javier Arias, Manuel Pardo e Martina Aneiros coma novos delegados territoriais do Goberno autonómico na Coruña, Lugo, Ourense e Ferrol, respectivamente.

Belén Do Campo é a nova delegada da Xunta na Coruña, cargo que xa ocupara entre 2012 e 2015. Nada na Coruña, desempeñou diferentes funcións na Consellería do Medio Rural, foi senadora e deputada e desde 2018 era a directora xeral de Patrimonio Natural na Consellería de Medio Ambiente.

Pola súa banda, Manuel Pardo foi nomeado delegado territorial da Xunta en Ourense. Licenciado en Dereito e funcionario de carreira estivo décadas vencellado á administración da Xustiza e era o actual xefe territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en Ourense.

O Consello tamén aprobou que Martina Aneiros repita coma delegada en Ferrol e Javier Arias, en Lugo. Aneiros é licenciada en Dereito, leva moitos anos desempeñando diferentes funcións no eido político coma concelleira nesta cidade ou deputada provincial e foi a única delegada en Ferrol desde que se habilitou este organismo no 2022. Pola súa parte, Arias é licenciado en Dereito e técnico urbanista e levaba ao fronte da delegación lucense desde 2020.

Por outra banda, o Consello da Xunta nomeou a Pedro Rojo Otero como novo Secretario Xeral de Medios. Licenciado en Ciencias Políticas, traballou como xefe de gabinete do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e desde 2016 era o director de gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia. Un cargo que compaxinaba con ser vicesecretario de Organización do Partido Popular en Galicia.

Ademais, Xosé Manuel Merelles foi nomeado director da Axencia Turismo de Galicia. Licenciado en Xornalismo, ocupou diferentes responsabilidades na Administración autonómica desde 1991 nas consellerías de Presidencia, de Xustiza e nos últimos anos sempre vencellado a área de Turismo.

Pola súa parte, Isabel Concheiro foi nomeada directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento lexislativo. Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña leva anos como letrada e asesora xurídica da Xunta en diferentes áreas e foi secretaria xeral técnica da Consellería do Medio rural e do Mar e da Consellería do Mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A FRANCISCO JAVIER ABAD PARDO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Funcionario do corpo superior de Administración Xeral da Xunta, xa exercera este cargo na Consellería Política Social de 2015 a 2019
- É licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e Grao en Ciencias Xurídicas das Administracións Públicas pola UNED, ademais doutra formación superior

O Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe acordou o nomeamento do coruñés Francisco Javier Abad Pardo como secretario xeral técnico da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, onde desempeñaba posto de xefe da Unidade de Coordinación e Asesoramento. Licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e Grao en Ciencias Xurídicas das Administracións Públicas pola UNED, Abad Pardo xa exercera o cargo de secretario xeral técnico desde o 2015 ata o 2019 na Consellería de Política Social.

Funcionario do corpo superior de Administración Xeral da Xunta, desenvolveu tamén a súa carreira administrativa en diversas administracións locais. Impartiu docencia no Máster Oficial da Unión Europea da Universidade de Coruña, Facultade de Dereito, e no Posgrao sobre Dereito Administrativo Económico da mesma facultade. Así mesmo, impartiu distintos cursos na Deputación de A Coruña, Egap e Fegamp.

A súa formación académica complétase cun máster universitario oficial en Dereito Público e da Administración Pública pola Universidade de Jaén, un Executive MBA pola Universidade Antonio de Nebrija e un Posgrao en Institucións Xurídicas pola Universidade da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARÍA SOL DÍAZ MOUTEIRA COMO DIRECTORA XERAL DE PATRIMONIO NATURAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Releva a Belén María do Campo Piñeiro, que ocupou o cargo desde 2018

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a María Sol Díaz Mouteira como directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Díaz Mouteira é licenciada en Dereito pola UNED e especializada en Dereito Civil Galego pola Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, tamén é funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Foi deputada autonómica na XI lexislatura, exerceu como vicevoceira terceira do Grupo Popular, portavoz de Medio Ambiente e Educación e presidenta da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres.

Tamén foi delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense entre os anos 2016 e 2020. Anteriormente foi delegada provincial da Consellería de Xustiza (2003-2005); xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pasando logo á Secretaría Territorial da Delegación da Xunta en Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A CARMEN COTELO QUEIJO COMO NOVA DIRECTORA DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Substitúe no cargo a Patricia Argerey, que o viña desempeñando desde o ano 2016 e á que o Goberno galego agradece os servizos prestados

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Carmen Cotelo Queijo como nova directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Substitúe no cargo a Patricia Argerey, que o viña desempeñando desde o ano 2016 e á que o Goberno galego agradece os servizos prestados á fronte desta entidade, fundamental para o impulso da I+D+i na nosa comunidade.

Nada na Coruña en 1974, a nova directora do GAIN é licenciada en Física pola Universidade de Santiago de Compostela, na que tamén obtivo o doutorado na área de Computación. Desde o inicio da súa traxectoria profesional estivo vinculada á I+D+i desde diferentes roles, conferíndolle unha visión holística de todos os axentes do ecosistema de innovación galego.

Iniciou a súa traxectoria profesional no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) no ano 1999, onde desenvolveu actividades de carácter científico, técnico e de xestión, principalmente no marco de proxectos de I+D+i rexionais, estatais e europeos.

En 2018 incorporouse á Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) para traballar na área de Innovación e Programas Europeos, da que foi directora adxunta, colaborando estreitamente coas Universidades, Centros Tecnolóxicos, empresas e organismos públicos, galegos e de toda Europa para a captación de financiación pública e o desenvolvemento de estratexias. Neste contexto, contribuíu á formación de máis 200 consorcios e ao desenvolvemento de máis de 30 proxectos de I+D+i europeos.

Desde 2023 desempeñou o cargo de directora de innovación no Centro Internacional de Cuántica de Fujitsu, traballando no establecemento de colaboracións a nivel galego, español e europeo, co obxectivo de posicionar a Galicia como un referente en computación cuántica e acelerar a adopción destas tecnoloxías mediante a colaboración público-privada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

JUAN JOSÉ NIETO ROIG PRESIDIRÁ A AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O Consello da Xunta ratifica o nomeamento do novo presidente, que substitúe a Patrocinio Morrondo, que exercía no cargo desde 2009

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Juan José Nieto Roig como novo presidente do Consorcio da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), en substitución de María Patrocinio Morrondo Pelayo, que exercía no cargo desde 2009.

Juan José Nieto Roig é catedrático da área de Análise Matemático na Universidade de Santiago e coordinador do grupo de investigación sobre Ecuacións Diferenciais, cunha traxectoria profesional centrada na investigación e divulgación do estudo dos sistemas dinámicos, a modelización matemática e as súas aplicacións ao ámbito biomédico.

No ano 2010 foi, segundo Thomson Reuters, un dos 13 científicos con máis artigos de gran influencia. E figura nas últimas edicións da lista publicada por Clarivate Analytics (antes Thomson Reuters) dos Investigadores Altamente Citados.

Ademais, exerceu como editor-xefe da revista *Nonlinear Analysis*, e na actualidade é editor do *Journal of Mathematical Analysis and Applications* e do *International Journal of Biomathematics*, así como do *Journal of the Franklin Institute*. Tamén foi becario Fulbright na Universidade de Texas (EEUU) e na actualidade é membro da Real Academia Galega de Ciencias.

Sistema adaptado aos cambios sociais

A ACSUG ten como misión fundamental contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e que este se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes. Para lograr os seus obxectivos, elabora informes, avaliacións, certificacións e acreditacións das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as referidas á docencia, á investigación, a transferencia de coñecemento e á xestión.

Como novo presidente da ACSUG, Juan José Nieto Roig terá, entre outras, as funcións de representar institucionalmente á axencia, supervisar as súas actividades e elevar ao Consello a documentación e os informes que considere pertinentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL A MARGARITA ARDAO

É enxeñeira industrial e ata a data era directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Margarita Ardao Rodríguez como directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, nova dirección xeral dependente da Consellería de Economía e Industria.

Nada en 1976 en Narón (A Coruña), é enxeñeira industrial na especialidade enerxética pola Escola Politécnica Superior de Ferrol, e posúe o diploma de directiva no ámbito da Administración autonómica de Galicia.

A súa traxectoria profesional está ligada á Administración autonómica, na que desempeñou entre 2004 e 2017 diversos postos na Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Desde 2017 desenvolveu o seu traballo na Axencia Galega de Innovación ata maio de 2022, cando foi nomeada directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL E DO TESOURO A DAVID CABAÑÓ FERNÁNDEZ

É licenciado en Administración de Empresas e ata o momento ocupaba o posto de director xeral de Política Financeira e Tesouro

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de David Cabañó Fernández como Secretario Xeral e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Nado na Coruña en 1970, é licenciado en Administración de Empresas pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade de A Coruña (UDC) e funcionario do Corpo de Xestión da Xunta de Galicia na Escala técnica de Finanzas desde o ano 1999.

Ademais, conta cun Mestrado en Banca, Finanzas e Seguros da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e é diplomado en Ciencias Empresariais pola Escola Universitaria de Estudos Empresariais da UDC.

David Cabañó desenvolveu a súa carreira administrativa na Consellería de Facenda e Administración Pública e ata o de agora viña desempeñando o posto de director xeral de Política Financeira e Tesouro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA INTERVENTORA XERAL A ALMUDENA CHACÓN

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais e ata o momento ocupaba o posto de directora xeral de Planificación e Orzamentos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Almudena Chacón Pichel como Interventora xeral da Comunidade Autónoma.

Nada na Coruña en 1973, é licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de A Coruña (UDC) e funcionaria da Escala Superior de Finanzas (A1) da Xunta de Galicia desde o 2001.

Ademais, conta cun Mestrado en Estudos Fiscais da Universidade de Bath e ten o diploma da Escala superior de Finanzas, especialidade de intervención e de inspección e xestión tributaria, así como o diploma de directiva da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Almudena Chacón desenvolveu a súa carreira administrativa na Consellería de Facenda e Administración Pública e na consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e ata o de agora viña desempeñando o posto de directora xeral de Planificación e Orzamentos na Consellería de Facenda e Administración Pública. Desde xaneiro de 2012 ata novembro de 2021 xa exerceu como Interventora Xeral da Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO A ARTURO LÓPEZ

É licenciado en Matemáticas e ata o momento ocupaba o posto de interventor xeral da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Arturo López Iglesias como director xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo.

Nado na Estrada en 1973, é licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e funcionario da Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia (grupo A1) desde o ano 2004. Ademais ten un *Máster en Administración Financeira e Tributaria* (USC), un *Máster en Big Data e Business Analytics* pola Universidade Complutense de Madrid, e un curso de postgrao en Dereito Tributario pola Universidade de Santiago de Compostela, entre outros.

Arturo López desenvolveu a súa carreira administrativa como subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario na Consellería de Cultura (2008-2010), posteriormente foi subdirector xeral de Planificación Económica na Consellería de Facenda (2010-2012) e subdirector xeral de Programación Financeira do Sector Público na Consellería de Facenda (2012-2017).

Ata o de agora, Arturo López viña desempeñando o posto de interventor xeral da Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL A NURIA AGUILAR VÁZQUEZ

É licenciada en Ciencias Matemáticas e ata o momento ocupaba o posto de auditora na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Nuria Aguilar Vázquez como directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Nada en Santiago de Compostela en 1972, é licenciada en Ciencias Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e funcionaria da Escala Superior de Estatísticos (A1) desde o ano 1999.

Nuria Aguilar realizou os cursos do programa de doutoramento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela e ten o Certificado de aptitude pedagóxica emitido pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desempeñou diversos postos de traballo no Instituto Galego de Estatística (IGE) e foi analista de xestión do rendemento e calidade na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza e ata o momento era auditora na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa da Consellería de Facenda e Administración Pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO A JOSÉ MARÍA BARREIRO DÍAZ

É licenciado en Dereito e ata o momento ocupaba o posto de director xeral da Función Pública

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de José María Barreiro Díaz como Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio na Consellería de Facenda e Administración Pública.

Nado na Coruña en 1967, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do corpo superior da administración xeral, escala de letrados da Xunta de Galicia desde o ano 1998.

Desde 2009 viña exercendo o cargo de director xeral da Función Pública. Con anterioridade, desempeñou o posto de Letrado da Xunta con destino como Letrado-Xefe na Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde (Sergas) en Santiago de Compostela desde 2002 ata 2009 e tamén o mesmo posto en diversos destinos, en servizos centrais e servizos periféricos, desde 1998 ata 2002.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS A YAGO BORRAJO SÁNCHEZ

É licenciado en Dereito e ata o momento era xefe territorial da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade na provincia de Ourense

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Yago Borrajo Sánchez como secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Substitúe no cargo a Pilar Arias Graña.

Nado en Ourense en 1981 é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades de Dereito Público e de Dereito de Empresa.

É funcionario de carreira do Corpo Superior da Administración Autonómica, onde ocupou diferentes postos, entre eles o de xefe do Servizo de Igualdade da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na Xefatura Territorial de Ourense.

Exerceu como xefe territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense entre abril de 2013 e xaneiro de 2021, momento en que asumiu o cargo de xefe territorial da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade na mesma provincia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL DE VIVENDA E URBANISMO A HERIBERTO GARCÍA PORTO

É licenciado en Xeografía e Historia e director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Heriberto García Porto como secretario xeral de Vivenda e Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas que tamén manterá o cargo de director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que ocupaba ata o momento.

Nado en Monterroso (Lugo), é licenciado en Xeografía e Historia (sección Xeografía Aplicada) pola Universidade de Santiago de Compostela.

É funcionario do Corpo Superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e desde o ano 1989 ata o 2006 desenvolveu diferentes responsabilidades dentro do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Así mesmo, formou parte dos Consellos de Administración de Xestur Pontevedra e de Xestur Ourense.

Entre os anos 2006 e 2009 desempeñou a súa actividade na empresa privada en materias relacionadas co sector inmobiliario e o urbanismo.

Desde maio de 2009 ata o 2014 ocupou o cargo de secretario xeral no Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), así como o de presidente de Xestur Pontevedra.

Desde o ano 2014 ata a actualidade é director xeral do IGVS e presidente de Xestión de Solo de Galicia S.A. (Xestur Galicia).

Participou na elaboración da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovacións urbanas de Galicia e na Lei 3/2022 de áreas empresariais de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A MARÍA VICTORIA NÚÑEZ LÓPEZ

É licenciada en Dereito e ata o momento xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na provincia de Ourense

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de María Victoria Núñez López como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU). Substitúe no cargo a Jacobo Hortas.

Nada en Ourense en 1975, é licenciada en dereito pola universidade San Pablo-CEU e funcionaria de carreira do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia desde o ano 2003.

Ademais de directiva da Xunta é experta en Dereito Urbanístico pola UNED.

Do 2014 ata o 2024 foi xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, previamente, entre 2008 e 2013 exerceu como xefa do servizo provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en Ourense.

Ademais doutros postos de responsabilidade, foi xefa do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e subdirectora de Réxime Xurídico-Administrativo e Recursos Humanos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ELVIRA CASAL COMO SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Ata o momento era a subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística da extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Elvira María Casal García como secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Ata o momento ocupaba o cargo de subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística na extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Nada en Santiago de Compostela en 1967, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionaria do corpo superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia desde 1993. Dispón dos diplomas dos cursos de directivos e da inspección de servizos da Xunta de Galicia, o curso superior de Urbanismo e superior de administración electrónica, entre outros, e é especialista en arrendamentos urbanos.

A súa carreira profesional desenvolveuna en diferentes postos da Xunta de Galicia, tanto como directora da Residencia de maiores de Campolongo (Pontevedra) como en servizos centrais. Entre outras responsabilidades, foi xefa de sección e de servizo no Instituto Galego da Vivenda e Solo, secretaria do Xurado de Expropiación de Galicia, xefa do servizo de programas na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e xefa de servizo de coordinación administrativa na tamén desaparecida Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Desde 2014 ocupaba a devandita Subdirección Xeral na Consellería de Cultura, pola que era ademais vogal do Consello Asesor do Libro e secretaria da Comisión de Toponimia de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOAQUÍN MACHO CANALES COMO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Macho Canales era ata o de agora secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Joaquín Macho Canales como secretario xeral técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Ata o de agora, era o secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, cargo que ocupaba desde xuño do ano pasado.

Nado en Sevilla, Macho Canales é Licenciado en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas. Desde 2006 é funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, na escala de letrados. Desempeñou tarefas de responsabilidade como letrado asesor no Gabinete Xurídico Territorial de Santiago.

No 2009 foi nomeado subdirector xeral de Recursos Humanos e Coordinación Administrativa da Consellería do Mar e en 2012 desempeñou o cargo de vicesecretario xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar. Posteriormente, no 2013, desenvolveu o posto de asesor xurídico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Canales foi secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade desde 2015 ata 2023, ano no que pasou a ocupar o mesmo cargo na Consellería do Medio Rural. Con anterioridade a estas dúas responsabilidades, fora vicesecretario xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA COMO SECRETARIO XERAL DE EMIGRACIÓN

Rodríguez Miranda ocupa a titularidade da Secretaría Xeral da Emigración desde decembro de 2012

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Antonio Rodríguez Miranda como secretario xeral de Emigración, dentro do organigrama da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Rodríguez Miranda confírmase así no cargo que leva ocupando desde decembro de 2012.

Natural do concello ourensán da Bola, é licenciado en Ciencias Biolóxicas, na especialidade de Zooloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela, e técnico superior en Prevención de Riscos Laborais na especialidade de Seguridade e Hixiene Industrial, ademais de profesor e director de Formación.

A súa traxectoria política comezou en 1999, cando resultou elixido concelleiro en Allariz, concello do que foi voceiro municipal do PP desde o 2001 ata o 2012 e presidente local. Deputado no Parlamento de Galicia nas VII, VIII, IX, X, XI e XII lexislaturas, exerceu como voceiro do PP de Galicia entre os anos 2009 e 2013 e como secretario xeral da Emigración dende o 26 decembro de 2012 ata a actualidade.

É membro do Comité Executivo do PPdeG desde o ano 2006 e, na actualidade, é membro do Comité Executivo do PP a nivel nacional, como secretario do PP Exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A GABRIEL ALÉN CASTRO COMO DIRECTOR XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Foi delegado territorial da Xunta en Ourense entre setembro de 2020 ata xaneiro de 2024

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Gabriel Alén Castro como director xeral de Comercio e Consumo.

Diplomado en Maxisterio pola Universidade de Vigo, é mestre especializado en Educación Física. Foi delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense desde setembro de 2020 ata xaneiro de 2024.

En agosto de 2020 foi elixido deputado autonómico e renunciou tras o seu nomeamento como delegado territorial da Xunta de Galicia en setembro dese mesmo ano. Foi coordinador do Grupo Popular na Deputación de Ourense entre 2019 e 2020.

Foi, ademais, alcalde de Cenlle desde xuño do ano 2011 ata marzo de 2020 e, con anterioridade, concelleiro de Cultura (2007 a 2011).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JORGE ATÁN COMO NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Conta cunha ampla traxectoria na administración autonómica -xa desempeñou este posto entre 2009 e 2012, e dende 2021 ata agora exerceu como secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública-, ademais de ser subdelegado do Goberno na Coruña entre 2012 e 2018

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Jorge Atán como novo secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural. Asume o cargo en substitución de Joaquín Macho Canales, nomeado hoxe novo secretario xeral técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Nado en Vigo (Pontevedra) no 1967, Jorge Atán é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia (grupo A1) dende o ano 1993. Ademais, dispón do diploma do curso de Directivos, da Inspección de Servizos da Xunta de Galicia e o Curso Superior de Relacións Laborais, entre outros.

Jorge Atán desenvolveu a súa carreira administrativa en diversos postos da Xunta de Galicia; ademais de ser subdelegado do Goberno na Coruña entre 2012 e 2018. Dentro da administración autonómica, xa ocupou o cargo de secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural entre os anos 2009 e 2012. Entre 2019 e 2021, desempeñou o posto do subdirector xeral de Seguridade e Coordinación na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Dende febreiro de 2021 ata agora exerceu como secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ BALSEIROS COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Cun amplo percorrido no ámbito local e autonómico, xa desempeñou este mesmo cargo dende outubro de 2018 ata xaneiro deste ano

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de José Balseiros como novo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

Nado en Cerdedo (Pontevedra) en 1961, José Balseiros xa desempeñara este cargo dende outubro de 2018 ata o seu cesamento en xaneiro deste ano por concorrer nas listas do Partido Popular ás eleccións autonómicas.

Diplomado en Lingua Administrativa e Xurídica Galega e técnico informático na especialidade de aplicacións para a Administración Local. A súa experiencia profesional e carreira política estivo sempre moi vinculada ao ámbito municipal, tanto en calidade de empregado público na Delegación Provincial de Estatística en Pontevedra como, posteriormente, no Concello de Cerdedo.

Neste municipio pontevedrés exerceu primeiro de tenente de alcalde e logo de rexedor, entre xaneiro de 2005 e outubro de 2016. Posteriormente desempeñou a vicepresidencia do concello de Cerdedo-Cotobade. Foi tamén deputado provincial por Pontevedra na lexislatura 2007-2011 e vicepresidente do Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar, dende xuño de 2006 ata novembro de 2017.

Xa como deputado no Parlamento galego, onde accedeu en novembro de 2016, estivo como vogal en diferentes comisións, entre elas a de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sendo tamén membro da Deputación Permanente da Cámara.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTA BARREIRO CASTRO COMA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR

Foi secretaria da Delegación territorial da Xunta de Galicia en Lugo dende o 15 de marzo de 2013 ata a actualidade

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Marta Barreiro Castro como secretaria xeral técnica da Consellería do Mar.

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionaria de carreira da Administración Local con habilitación de carácter estatal da subescala de Secretaría-Intervención dende o 2007. Pertence ao corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 2011. Foi secretaria da Delegación territorial da Xunta de Galicia en Lugo dende o 15 de marzo de 2013 ata a actualidade.

Desempeñou as tarefas de xefa territorial de Traballo e Benestar en Lugo, dende o 11 de xullo de 2012 ata o 14 de marzo de 2013, e de xefa territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Lugo, dende o 8 de outubro de 2009 ao 10 de xullo de 2012.

Foi, ademais, secretaria de entrada mediante nomeamento provisional da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia nos concellos de Celanova, Salvaterra de Miño e Sober.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

- O Consello dá o visto bo ao decreto e concede este recoñecemento na categoría de patrimonio inmaterial polos rituais, cerimoniais e técnicas artesanais tradicionais asociadas a esta festa
- Tras a súa incoación non se recibiron alegacións e obtivéronse os informes favorables do Museo do Pobo Galego, da Universidade de Santiago de Compostela e do Consello da Cultura Galega

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde o decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), na categoría do patrimonio inmaterial, a festa do Corpus Christi de Ponteareas. O recoñecemento chega tras os informes favorables do Museo do Pobo Galego, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega, culminando así un proceso no que non se rexistraron alegacións.

O decreto valora tanto a festividade como os rituais, cerimoniais e técnicas artesanais tradicionais asociadas a ela. En concreto, a documentación conclúe que o Corpus Christi constitúe un ritual festivo recoñecido polo seu uso social e cerimonial cunha alta pegada de coñecementos populares sobre a natureza, os elementos naturais e os ciclos do campo. Valórase a confección dun conxunto artístico dotado de variadas representacións e símbolos, cunha significación cultural que vai máis alá do ámbito relixioso para vincularse coa cultura popular.

A máxima protección desta festa débese, tamén, ao elevado coñecemento e desenvolvemento de técnicas artesanais tradicionais. Exactamente, menciónase o proceso de creación do conxunto ornamental, alfombras florais, cruceiros vexetais ou altares que conforman todo un conxunto de arquitecturas efémeras.

A declaración BIC do patrimonio inmaterial susténtase, ademais, en todo o conxunto de actos que se desenvolven ao redor do Corpus Christi. Ten unhas funcións sociais moi destacables, como a de lograr a integración dos participantes e da veciñanza da vila. O expediente refírese ao seu potencial como activo económico de base cultural e salienta o sistema de organización e de integración social en círculos de relacións persoais e grupais da veciñanza, así como a gran acollida aos visitantes. Neste sentido, nos últimos anos realizáronse variadas actividades para integrar dun xeito máis activo aos turistas, como nas recollidas e colocación dos materiais florais e vexetais.

Festividade medieval

O Corpus Christi é unha festividade católica medieval baseada no culto á eucaristía, unha tradición que foi adoptando elementos populares folclóricos e do ciclo agrario, que ao chegar á vila de Ponteareas adquire elementos diferenciados do carácter popular galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As alfombras de flores son o seu punto máis representativo e recoñecible, e da que se mantivo a súa transmisión entre xeracións das comunidades locais, que manteñen as canles para a participación dos seus membros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL O POLÍGONO AGROFORESTAL DA MADANELA, NO CONCELLO OURENSÁN DE MONTERREI, PARA POÑER EN VALOR 56 HECTÁREAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver esta iniciativa, que implica 496 parcelas de 241 propietarios
- A zona delimitada está na área de actuación da Denominación de Orixe Monterrei, existindo unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial de produción vitivinícola, ademais doutros usos como a gandaría en extensivo para contribuír á dinamización do territorio
- Dentro da aposta por impulsar estas figuras incluídas na Lei de recuperación da terra agraria, nos últimos catro meses foron declarados un total de oito, ascendendo xa a 34 os polígonos aprobados en Galicia para mobilizar en total máis de 9.500 hectáreas

A Xunta aprobou hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social o polígono agroforestal da Madanela, no concello ourensán de Monterrei, que permitirá poñer en valor 56 hectáreas distribuídas en 496 parcelas de 241 propietarios.

Dentro do compromiso do Goberno autonómico por desenvolver esta figura de mobilización, incluída na Lei de recuperación da terra agraria, no que vai de ano xa se aprobaron as declaracións de utilidade pública de interese social de ata oito polígonos agroforestais en toda a comunidade, dos cales catro se localizan na provincia de Ourense -o aprobado hoxe e os de Cambela, no concello de San Xoán de Río; o dos Blancos, no municipio homónimo; e o outro situado en terreos da localidade ourensá da Peroxa e da lucense de Carballedo-.

Contando co da Madanela, Galicia conta hoxe con 34 polígonos agroforestais -21 deles, na provincia de Ourense- aprobados, atopándose en distintas fases de execución -o primeiro en entrar en produción será o do concello ourensán de Oímbra, no primeiro semestre deste ano-. En total, a través desta figura mobilízanse en Galicia 9.532 hectáreas, abrangendo 31.598 parcelas e 9.156 persoas propietarias directamente beneficiadas.

A declaración de utilidade pública e de interese social aprobada hoxe implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público aos efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento.

Esta declaración implica, entre outras cousas, o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento. Así mesmo, autorízase a redacción do proxecto básico e a execución dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedementos de investigación da titularidade na forma prevista na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Sobre a orientación produtiva deste novo polígono, cómpre resaltar que está localizado na área demarcada da denominación de orixe Monterrei, existindo unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial. Ademais, tamén entre as actividades previstas está a gandaría en extensivo, enmarcándose na aposta da Xunta por prever os incendios forestais a través da xestión do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE BOUZAS POR 2M€

- O Consello dá luz verde á posta en funcionamento desta folla de ruta que incluíra melloras de iluminación, humanización ou xestión de residuos no barrio vigués
- É unha das oito estratexias en destino do Plan territorial de sustentabilidade turística de cascos históricos e vilas termais deseñado polo Goberno autonómico con fondos Next Generation e que se está a desenvolver desde este ano 2024

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun novo convenio de colaboración co Concello de Vigo para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da vila de Bouzas por valor de 2 M€ que se desenvolverá ata o ano 2026. Enmárcase no Plan territorial cascos históricos e vilas termais deseñado polo Goberno autonómico con fondos europeos Next Generation e súmase ao autorizado a semana pasada para a cidade de Vigo por outros 2 M€, neste caso, incluído noutro dos plans territoriais da Xunta, o Enogastronómico.

No que se refire ao autorizado hoxe para a vila de Bouzas, a folla de ruta inclúe, entre outras, a posta en marcha dun plan de xestión de residuos, un plan de renaturalización do litoral do casco histórico ou a mellora do sistema de iluminación con sistemas de baixo consumo e autosuficientes. Tamén se prevé o proxecto de humanización da rúa do Pazo-casco antigo de Bouzas, unha estratexia de promoción dixital do casco antigo e festas culturais como Brincadeira, entre outras.

Esta nova folla de ruta para Vigo forma parte do Plan territorial de sustentabilidade turística vilas termais e cascos históricos deseñado por Turismo de Galicia con fondos europeos Next Generation que botou a andar este 2024 e ten unha vixencia ata 2026. Ademais deste convenio con Vigo e cos de Allariz e a Deputación de Ourense autorizados hai unhas semanas, tamén se inclúen os que se irán autorizando proximamente como o centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra; o plan Mar de Santiago; e os do centro histórico de Betanzos, o de Tui, e Ribeira Sacra. O Plan territorial inclúe, ademais, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e o concellos, a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

4 M€ en Vigo

Con estes 2 M€ para o Plan de sustentabilidade turística da vila de Bouzas, e os outros 2M€ que a Xunta de Galicia tamén promove para a cidade co Plan de sustentabilidade turística en destino de Vigo son xa 4 M€ os destinados a políticas de sustentabilidade turística con fondos europeos na cidade. Ambos os plans están convocados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e executaranse ao abeiro dos fondos Next Generation. Durante o proceso, a Xunta de Galicia velou para que fosen proxectos ben planificados e xustificados no marco da convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DO PINO NA MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DA CAPELA DA MAGDALENA

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe este acordo, que supón unha achega de máis de 213.500 euros por parte da Administración autonómica

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto bo ao convenio entre o Goberno galego e concello do Pino para a mellora da accesibilidade no entorno da capela da Magdalena co obxectivo de que sexa un espazo máis seguro. A actuación ten un custo total de 237.200 euros, dos que a Administración autonómica achegará máis de 213.500 euros, o que supón o 90 % do total do investimento.

Os traballos previstos inclúen a pavimentación dunha superficie de máis de 1.700 metros cadrados: 535 metros cadrados na zona en contacto coa capela, 615 metros cadrados de acceso á capela e 555 metros cadrados das sendas. Ademais, actuarase na canalización das pluviais e do alumeado, colocaranse 490 metros de pasarela de madeira e mesas e bancos de pedra. Tamén se acondicionará a superficie afectada con terra vexetal e plantarase céspede.

A área recreativa da Magdalena atópase na parroquia de Castrofeito, na contorna da capela da Magdalena, e conta cunha masa de carballos e mesas e bancos. Un dos recursos principais e motor de desenvolvemento económico deste concello é o paso do Camiño Francés ao longo de 18 quilómetros, rexistrándose cada ano milleiros de peregrinos que realizan este percorrido.

A Xunta contribúe así á posta en valor deste espazo que, ao mesmo tempo, incrementa o atractivo do concello como reclamo turístico permitindo desfrutar da súa riqueza monumental, cultural e paisaxística en calquera época do ano. Do mesmo xeito, garántese que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

A nova convocatoria aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego está dotada con case 109.000 euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de seis bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento que se levarán a cabo nun máximo de 12 meses entre outubro de 2024 e setembro de 2025 na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela ou en Oficinas da Cooperación Española da Axencia Española de Cooperación Internacional (Aecid).

O importe total que se habilita para esta convocatoria ascende a 108.991 euros que se destinarán ao pagamento ás persoas bolseiras do importe das bolsas e das cotas patronais da Seguridade Social.

As persoas solicitantes deben ter residencia en Galicia e estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou similar. Ademais, entre os impedimentos para optar a unha destas bolsas inclúese non ter emprego remunerado nin gozar doutra axuda deste tipo e tampouco desta en convocatorias anteriores.

Estas bolsas de formación da Cooperación Galega teñen como obxectivo principal apoiar a formación especializada de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica coas liñas de traballo da Cooperación Galega e, no caso das bolsas noutros países, os proxectos que se están a financiar e que poderán visitar na súa estada en terreo. A Xunta leva investido desde 2009 máis de 1,7 millóns de euros para o financiamento de máis dun cento de bolsas.

As actividades destinadas á formación de persoal especializado constitúen unha tarefa que a Xunta leva a cabo no marco do fortalecemento do sistema galego de cooperación, e o apoio á formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación é unha das liñas de actuación do actual Plan director da cooperación galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 600.000€ AO SOSTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO PUGA RAMÓN E ROSALÍA MERA, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Renóvase o convenio de colaboración coa entidade provincial nos mesmos termos económicos para atende a arredor de 700 alumnos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración coa Deputación da Coruña para o sostemento dos centros educativos Puga Ramón e Rosalía Mera. O Goberno galego destinará case 600.000€ a apoiar o servizo público educativo no curso 2024/25 nestes centros, que atenden máis de 700 alumnos.

A achega da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que se mantén respecto do actual ano académico, destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración e reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á institución provincial para o soporte destes dous centros educativos desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade á prestación deste servizo de ensino público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,1 MILLÓNS DE EUROS Á CREACIÓN DE OITO NOVAS CASAS NIÑO E 20 NOVAS CASAS DO MAIOR

- Suporán a creación no ámbito rural de 40 prazas para nenos de 0 a 3 anos e outras 100 para persoas maiores
- Cando remate este ano Galicia terá en funcionamento 111 casas niño e 143 casas do maior
- Estas convocatorias presentan como novidade o establecemento dunha axuda complementaria de 150 euros semanais por maternidade ou paternidade

O Consello da Xunta de hoxe acordou a convocatoria de dúas ordes para a creación de máis casas niño e casas do maior, recursos para a atención a nenos e a maiores no ámbito rural que ademais facilitan a conciliación. O Goberno galego destina máis de 2,1 millóns de euros para a posta en marcha este mesmo ano de máis prazas de atención a pequenos e maiores totalmente gratuítas para as familias.

Deste orzamento total, 806.200 euros corresponden á convocatoria das casas niño. O obxectivo é crear 8 novos centros que ofrecerán 40 prazas de atención á primeira infancia. Con elas, Galicia rematará o ano con 111 casas niño en funcionamento e, polo tanto, 555 prazas para nenos de 0 a 3 anos á disposición das familias.

Desde que se aprobou a primeira orde, no 2016, a Administración autonómica investiu 13,5 millóns nas casas niño, unha medida de apoio á infancia e á conciliación que se suma a outras como a gratuidade das escolas infantís, que beneficia a 32.000 familias; as axudas do Bono concilia familia, con case 11.000 concedidas na última convocatoria; ou a Tarxeta benvida, que xa recibiron máis de 100.000 galegos.

Atención na contorna

Pola súa parte, a orde de axudas para as casas do maior ten un orzamento de 1,3 millóns de euros e suporá a apertura de 20 novos equipamentos que permitirán que un centenar de maiores poidan ter acceso a unha atención personalizada na súa contorna. Con esta convocatoria, a rede de casas do maior chegará este ano ás 143. A este servizo a Xunta leva investidos 22,4 millóns de euros desde que se implantou no 2018.

Estas novas convocatorias presentan como novidade o establecemento dunha axuda complementaria de 150 euros semanais durante o período que dure a baixa de maternidade ou paternidade da persoa encargada do servizo.

Lembrar que, ademais da axuda para o funcionamento dos centros, a través destas ordes finánciase as obras de adecuación da casa niño ou da casa do maior ata un máximo de 15.000 euros por cada unha delas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A POSTA EN MARCHA DE 166 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS PARA O COIDADADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Destaca que esta medida facilitará que os usuarios e as súas familias sexan atendidos na súa contorna, sen necesidade de que teñan que facer longas distancias
- Destinaranse 14,6 millóns de euros á creación destes servizos de atención diúrna e residencial que xestionarán as entidades sociais
- Suporá a ampliación da rede pública de atención especializada a estas persoas, que supera as 5.000 prazas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta porá á disposición das persoas con discapacidade 166 novas prazas públicas de atención diúrna e residencial distribuídas por toda a comunidade e polas que achegará 14,6 millóns de euros durante os próximos catro anos. O Executivo autonómico aprobou no Consello desta mañá a posta en marcha destes novos servizos que xestionarán as entidades sociais, unha medida que "facilitará que os usuarios e as súas familias sexan atendidos na súa contorna, sen necesidade de que teñan que facer longas distancias", indicou.

Estas novas prazas súmanse ás máis de 5.000 en centros de día e residencias que financia o Goberno galego na actualidade a través do concerto social, unha "demanda histórica" do terceiro sector que xa está vigor desde o pasado día 1 de marzo.

Tal e como apuntou o titular da Xunta, serán novas prazas en atención a dependentes "con espectro autista, discapacidade física, parálise cerebral, dano cereblar e discapacidade intelectual", apuntou.

Coa aprobación deste acordo, o Goberno galego dá resposta a un dos compromisos fixados para os cen primeiros días de lexislatura: o impulso de novas prazas de residencia e centros de día para maiores e persoas con discapacidade.

1.100 novas prazas

De feito, neste inicio de mandato, a Xunta deu luz verde a un investimento de 18,5 millóns de euros para a creación de 650 prazas en residencias e centros de día de titularidade municipal, ao impulso doutras 100 prazas coa creación de 20 novas casas do maior; a estas 166 novas prazas de atención á discapacidade e a próxima entrada en funcionamento das novas residencias de maiores de Santiago de Compostela e Lugo, xa entregadas pola Fundación Amancio Ortega e cuxa "previsión é que en maio entren en funcionamento", segundo apuntou Rueda, e que suman outras 240 prazas.

En total, o Executivo galego impulsou a creación de máis de 1.100 novas prazas públicas en residencias e centros de día.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS DOS SEUS CENTROS DE DÍA EN SAN SADURNIÑO, FERROL, ARES E AS PONTES

- Garántese ás familias 151 prazas públicas de atención ás persoas maiores, 16 máis que as existentes na actualidade
- A duración inicial do contrato destes servizos é de 12 meses, prorrogables ata un máximo de catro anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe iniciar os trámites para renovar a contratación dos servizos de atención diúrna nos centros de día de San Sadurniño, Ferrol-Esteiro e Ferrol-Caranza, Ares e As Pontes, todos eles de titularidade autonómica e dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Deste xeito, o Goberno galego garante ás familias 151 prazas públicas de atención diúrna ás persoas maiores nestes cinco centros situados en concellos de Ferrolterra.

Esta oferta supón 16 prazas máis que as existentes na actualidade nestes servizos, 12 nos dous centros de día de Ferrol e catro no situado no municipio das Pontes. A Administración autonómica destina 1,4 millóns de euros a contratar a xestión destes servizos por un período inicial de 12 meses, que se poderá prorrogar ata un máximo de catro anos.

A nosa comunidade conta cunha importante rede de centros de día nos que os seus usuarios reciben os cuidados e terapias que necesitan, gañan en autonomía persoal e manteñen unha vida social activa que evita situacións de soidade non desexada. Ademais, estes servizos supoñen para as familias un apoio moi necesario e facilitan a conciliación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA LIÑA DE APOIOS QUE SUMA 1 M€ PARA PROMOVER ENTRE AS PEMES GALEGAS MODELOS DE NEGOCIO MÁIS SUSTENTABLES E RESPONSABLES

- Esta convocatoria, posta en marcha por primeira vez, busca estimular proxectos para o desenvolvemento e mellora de factores ASG -ambientais, sociais e de gobernanza- entre as pequenas e medianas empresas galegas
- As iniciativas promoverán proxectos de implantación de solucións avanzadas que acaden reducións e aforros de recursos e diminucións na xeración de refugallos, e tamén actuacións dirixidas a desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza nas organizacións
- Impulsaranse proxectos individuais ou colectivos, que inclúen desde a avaliación de riscos ASG ata a redución do consumo de recursos nos procesos produtivos, a diversidade e inclusión ou a ética empresarial e a transparencia financeira
- As axudas, en concorrencia competitiva, cubrirán o 35 % dos custos de adquisición de activos materiais e inmateriais para pequenas empresas e o 25 % para as medianas, mentres que para os gastos de consultoría chegarán ata o 50 %

O Consello da Xunta coñeceu hoxe dunha nova liña de apoios que, dotada cun orzamento dun millón de euros, busca promover entre as pemes e autónomos galegos modelos de negocio máis sustentables e responsables. Neste sentido, o programa, que se pon en marcha por primeira vez este ano, estimulará proxectos centrados no desenvolvemento e mellora dos chamados factores ASG: ambientais, sociais e de gobernanza. A finalidade é que as pemes galegas implanten solucións avanzadas coas que reducir e aforrar recursos e diminuír a xeración de refugallos, dun lado, e desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza, doutro.

Para acadar estas metas, impulsaranse proxectos tanto individuais como colectivos. Estes últimos comprenderán polo menos tres pemes con centro de traballo en Galicia que aborden solucións de maneira conxunta.

As iniciativas agruparanse en torno a catro tipoloxías: unha primeira que atende a aspectos globais que se deben ter en conta nas organizacións, e outras tres baseadas nos propios factores ASG. Así, no que respecta aos mencionados aspectos globais, colaborarase coas pemes galegas na auditoría e avaliación de riscos neste ámbito e na consultaría e obtención de certificacións.

Así mesmo, no punto relativo aos factores ambientais, promoveranse iniciativas que permitan tanto a reutilización como a redución do consumo de recursos nos procesos produtivos, contribuíndo á mellora da eficiencia enerxética ou da pegada de carbono. No campo dos proxectos sociais, atenderase a aspectos como a diversidade e inclusión ou a ética laboral. E no relativo á gobernanza, fomentaranse a ética empresarial e a transparencia financeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para avanzar neste eidos, apoiarase tanto a adquisición de activos materiais e inmateriais -sensores, sistemas para a medición e control de parámetros produtivos e ambientais, hardware e software intelixente, nova maquinaria e bens de equipo-, como os servizos de consultaría externa de carácter tecnolóxico, de deseño de procesos ou produtos máis eficientes, e organizativos.

Estas axudas, impulsadas pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, outorgaranse en concorrencia competitiva e cubrirán o 35 % dos custos de adquisición de activos materiais e inmateriais para pequenas empresas e o 25 % para as medianas, mentres que para os gastos de consultaría chegarán ata o 50 %.

Con esta nova liña, que se prevé publicar nas próximas semanas, o Goberno galego dá continuidade ao programa para a posta en marcha de proxectos de economía circular, que permitiu apoiar, nos últimos dous anos, 22 iniciativas que están a mobilizar preto de 1,4 millóns de euros na implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, semielaborados e produtos finais, acadando reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía e diminucións na xeración de refugallos, subprodutos ou desfeitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXTENDERÁ O NOVO MODELO DE XESTIÓN DE DIXITALIZACIÓN E IMPRESIÓN AO 100 % DOS DISPOSITIVOS

- Con esta iniciativa a Administración autonómica continúa o proceso de optimización dos seus medios de impresión e dixitalización, adaptándoos ás necesidades dunha administración dixital
- Desde a posta en marcha deste modelo de xestión reducíronse nun 26 % os equipos de impresión na Administración xeral e de Xustiza e estableceuse un modelo de pagamento por copia para reducir o uso do papel
- Para ampliar o alcance desta iniciativa o Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco que integra na mesma contratación o mantemento, dotación de equipos e a subministración de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia

A Xunta de Galicia avanza na consolidación dun novo modelo dos sistemas de impresión e dixitalización corporativos, que comezou a implantar en 2017 para adaptar este servizo ás necesidades da administración dixital. Con este obxectivo, o Consello do Goberno galego aprobou hoxe un novo acordo marco para a contratación centralizada do mantemento e renovación de equipos e a subministración de consumibles. Este acordo marco permitirá pasar do 90 % de equipos renovados ao 100 % e dar continuidade a un modelo que busca mellorar a calidade e optimizar os seus medios de impresión e dixitalización.

Desde a posta en marcha deste novo modelo de dixitalización e impresión en 2017, reducíronse en 1.700 os equipos de impresión, o que supón o 26 % do parque de impresoras da Administración xeral e de Xustiza. Ademais, integráronse 5.500 equipos de dixitalización e impresión neste modelo de xestión corporativa e o 90 % foron renovados no período 2017-2023.

O acordo marco aprobado hoxe permitirá acadar a renovación do 100 % do equipamento estendendo este servizo de impresión e dixitalización onde non estea implantado; ademais de garantir o mantemento integral do equipamento de dixitalización e impresión xa existente, así como a dotación de consumibles. O acordo marco aprobado conta cun valor estimado de ata 17,7 millóns de euros, un 20 % menos que o valor estimado dos dous contratos anteriores (22,1 millóns de euros).

A través dos dous contratos marco anteriores a Administración autonómica logrou implantar un modelo de xestión dos seus servizos de dixitalización e impresión, baseado na contratación de servizos integrais, que se encargan tanto da renovación tecnolóxica de novos equipos como da retirada dos obsoletos; no incremento de equipos multifunción, que dan unha mellor resposta aos postos administrativos; na redución dos equipos en postos individuais a favor de equipos en rede; na aposta pola homoxeneidade de modelos e fabricantes, o que posibilita unha xestión remota de todas as máquinas; e no subministro de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este sistema de xestión e impresión enmárcase no proceso de transformación dixital da Administración autonómica, a través de iniciativas como o Plan de posto dixital do empregado público, que ten como obxectivo garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ás súas funcións e á prestación dos servizos dixitais para cidadáns e empresas, que require o contexto actual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE UN TOTAL DE 17 M€ NA CONTRATACIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE E HOSPITALARIO URXENTE DAS ÁREAS SANITARIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE FERROL

O número de servizos estimados totais é de máis de 200.000 anuais, dos que ao redor de 127.000 son da Área de Santiago de Compostela e Barbanza; e 75.000 da de Ferrol

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe de licitación de 10.026.544 euros; e da Área Sanitaria de Ferrol, por un importe de 7.027.688 euros. A duración das contratacións será por un período de 24 meses.

A finalidade destes dous contratos é a consecución dos máximos niveis de eficiencia na prestación deste transporte sanitario, establecendo os protocolos e procedementos que se estimen necesarios para a consecución de tal fin.

Os servizos que se realizarán serán o transporte interhospitalario para probas e consultas, as altas e ingresos hospitalarios, os traslados urxentes interhospitalarios, os traslados de tratamentos e consultas programadas, e os traslados fóra da Comunidade Autónoma como consecuencia da asistencia sanitaria en centros referentes a nivel nacional en certas patoloxías, técnicas ou tratamentos.

Son os criterios médicos os que determinarán as ambulancias asistenciais ou non asistenciais e as características técnicas e o equipamento sanitario preciso en función das necesidades do paciente.

Máis de 200.000 servizos anuais no total das dúas áreas

O número de servizos estimados totais na contratación destes dous servizos é de máis de 200.000 anuais, dos que ao redor de 127.000 son da Área de Santiago de Compostela e Barbanza e 75.000 da de Ferrol.

Cómpre remarcar nestes contratos a inclusión das melloras das condicións económicas dos traballadores de acordo co V Convenio colectivo galego de transporte sanitario que inclúe actualizacións dos salarios (13 % para os anos 2023, 2024 e 2025), ademais de redución horaria de 8 horas en 2024 e outras 16 horas en 2025. Así mesmo, prevese un aumento das axudas de custo, do plus de transporte, e das retribucións de festivos e días especiais, entre outros incentivos.

A redución da xornada supón necesariamente un incremento no número de traballadores necesarios para a cobertura dos servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sinalar, así mesmo, que nas contratacións establécese a obrigatoriedade do cumprimento do convenio colectivo galego de transporte sanitario, así como ofrecer aos traballadores un emprego estable e de calidade, ademais de protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais, asegurando todas as medidas de protección e prevención, proporcionando o subministro de equipos necesarios e promovendo condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

Todos os servizos de transporte sanitario dos pacientes destas dúas áreas sanitarias deberán realizarse no menor tempo posible, pola ruta máis adecuada e nas mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para os doentes. Para conseguir este obxectivo, a empresa adxudicataria deberá levar a cabo xuntanzas periódicas co servizo designado polo Sergas co fin de planificar as rutas máis idóneas.

Ditas rutas adaptaranse en función das localidades e domicilios dos pacientes e aos horarios de recollida, tratamentos e presenza dos enfermos nos centros sanitarios e a localización dos mesmos.

Cada unha das ambulancias notificará vía telemática, a tempo real, todos os cambios de estado e os tempos solicitados. A comunicación dos pacientes trasladados realizarase mediante un sistema de lectura da tarxeta sanitaria, no suposto de que non poida utilizarse este sistema, os datos do paciente deberán de ser mecanizados igualmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 4,2 M€ AO PROGRAMA DE 1ª EXPERIENCIA PROFESIONAL PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS NAS EMPRESAS GALEGAS

- Trátase dun dos compromisos do presidente Alfonso Rueda para os primeiros 100 días do novo mandato
- O programa prevé incorporar entre 250 e 410 persoas en toda Galicia, ás que se lles ofrece a oportunidade de acceder a contratos de formación e de recibir cualificación en competencias brandas para mellorar o desempeño dos seus traballos
- Segundo o aprobado hoxe no Consello da Xunta, haberá axudas para a contratación de mozas e mozos tanto con titulación como sen cualificación acreditable, a tempo completo e por un período de doce meses

A Xunta incentivará a contratación de menores de 30 anos por parte de empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís e comunidades de bens con contías de ata preto de 20.000 euros por persoa para facilitar o seu acceso ao mercado laboral. Trátase do programa de 1ª experiencia profesional aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego cun orzamento próximo aos 4,2 millóns de euros. O obxectivo é apoiar a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de doce meses de duración, dotándoa de competencias para poder acceder a un emprego estable e de calidade.

Trátase dun dos compromisos do presidente Alfonso Rueda para os primeiros 100 días deste novo mandato. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración busca mellorar a empregabilidade deste colectivo prioritario nas súas políticas, contribuíndo a reter o talento xuvenil na Comunidade. En concreto, trátase dun programa mixto, que ademais de impulsar con apoios económicos a contratación a tempo completo, ofrece formación en competencias brandas, unha combinación de habilidades sociais e de comunicación, actitudes, intelixencia social e emocional, moi demandadas polo mercado laboral.

A Xunta quere así atender as necesidades específicas de emprego no tramo de idade de menores de 30 anos. Deste xeito, artellou dúas liñas de axuda: a primeira, para contratar mozas e mozos con titulación ou certificación profesional; e a segunda, para brindar unha oportunidade tamén a quen carezan de cualificación profesional recoñecida.

En ambos os dous casos, os contratos formativos que se concerten deben ir dirixidos a menores de 30 anos que residan en Galicia e que se atopen en situación de desemprego e con inscrición no Servizo Público de Emprego. Así, facilitaráselles un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego abrindo camiño á súa inserción laboral xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable.

A Xunta pretende chegar con este programa a entre 250 e 410 persoas mozas desempregadas. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contías que van dos 9.975 euros aos 16.625 segundo ese criterio. A esas cantidades, hai que sumar as destinadas á formación en competencias brandas, 1.700 euros no caso de ser presencial e 850 euros en formato de teleformación.

Programas de fomento do emprego xuvenil

O programa forma parte do paquete de medidas da Xunta para o fomento do emprego xuvenil, unha firme aposta con políticas deseñadas especificamente para este sector de poboación.

Neste plan, ademais da iniciativa aprobada hoxe en Consello, enmárcase -por exemplo- o programa Investigo para a xeración de emprego xuvenil no eido da investigación e dotado este ano con 4,8 millóns de euros, así como os obradoiros de emprego para persoas mozas que contan cun orzamento de 6,5 millóns de euros para este exercicio e o vindeiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE ARRANCAN OS TRÁMITES PARA FACER EFECTIVA A MATRÍCULA GRATUÍTA PARA TODOS OS ESTUDANTES DE GRAO UNIVERSITARIO E DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES A PARTIR DO VINDEIRO CURSO 2024-25

- Salienta que, deste xeito, o acceso ao ensino público en Galicia “será totalmente gratis” desde as escolas infantís ata rematar unha carreira
- A matrícula será de balde para todos os que inicien estudos en primeiro curso así como para os de segundo e posteriores cursos que superen unha porcentaxe de créditos entre o 65% e o 90% segundo a área de coñecemento
- O conselleiro de Educación destaca que Galicia convértese, así, na única comunidade autónoma onde é posible obter unha titulación de grao totalmente gratuítas para as familias
- A maiores, o Goberno galego seguirá mantendo conxeladas as taxas dos másteres, os máis baratos do Estado

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Goberno autonómico xa está a traballar nos trámites para facer efectiva a gratuidade de matrícula para todos os estudantes de grao universitario e de Ensinanzas Artísticas Superiores a partir do vindeiro curso 2024-2025.

O departamento que dirixe Román Rodríguez elevou ao Consello da Xunta un informe sobre a tramitación administrativa para formalizar esta acción de apoio ás familias que, segundo resaltou o presidente, vaise sumar a gratuidade xa aplicada na educación de 0 a 3 anos. Na práctica isto implica que en Galicia “o acceso ao ensino público vai ser totalmente gratuítas” desde a escola infantil e ata rematar un grao universitario.

Pola súa parte, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidade e FP, Román Rodríguez, salientou que se trata dunha medida “pioneira” no conxunto do Estado xa que Galicia será a primeira comunidade autónoma en garantir o acceso gratuítas aos estudos universitarios, con matrícula de balde para todos aqueles que se matriculan por primeira vez, así como para o resto dos cursos superados ata obter o título correspondente.

Isto significa que todos os universitarios que aproben van ter asegurada a matrícula gratuítas ao longo de toda a súa carreira universitaria a partir do próximo setembro, o que converte a Galicia na única comunidade autónoma onde é posible obter unha titulación de grao totalmente de balde.

A medida será de aplicación a todos estudantes de grao matriculados en calquera das tres universidades públicas do Sistema Universitario Galego (SUG) así como aos estudantes de Ensinanzas Artísticas Superiores (Música, Arte Dramática, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais) en centros públicos galegos, tanto no caso de novo ingreso como no de continuidade de estudos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así pois, as familias cuxos fillos e fillas inicien por primeira vez estudos de grao ou de artísticas o próximo mes de setembro non terán que desembolsar ningunha matrícula, o que supón maior facilidade de entrada para todos os estudantes e contribúe á igualdade de oportunidades.

Tamén será gratuíta para os alumnos do resto dos cursos ata finalizar o grao (segundo, terceiro e cuarto, ademais de quinto e sexto naquelas de maior duración) que aproben a porcentaxe de créditos establecida para cada área de coñecemento.

Para acceder á matrícula gratuíta, no caso dos estudantes de novo ingreso que debutan na universidade, deberán ter superado a parte obrigatoria da ABAU en Galicia na convocatoria de 2024 ou un ciclo superior de FP en calquera centro galego.

Para os estudantes de continuidade (segundo e sucesivos cursos), deberon estar matriculados nun grao nunha universidade pública galega durante o curso anterior (isto é, no actual 2023-24) e ter superados o 90% dos créditos nos graos das áreas de Humanidades e Xurídicas, o 80% dos créditos nos da área da Saúde e o 65% no caso das Enxeñarías e graos da área de Ciencias, empregando así as mesmas porcentaxes que as bolsas a nivel estatal.

A previsión, tal e como salientou o conselleiro, é que as familias de alumnos universitarios poidan aforrar entre 700 e 800 euros ao ano, unha contía que sería duns 380 euros de medio ao ano para os matriculados en ensinanza artísticas.

Redobrar esforzos no apoio ás familias

Tal e como destacaron Rueda e Rodríguez, esta medida supón redobrar a aposta da Xunta de Galicia polo apoio ás familias coa gratuidade da educación para o alumnado desde que entra na gardería, na etapa 0-3 anos, ata que remata os seus estudos universitarios, ao tempo que "se fomenta a cultura do esforzo", premiando o interese, a dedicación e o bo aproveitamento académico.

Rueda lembrou que Galicia xa levaba 13 anos coas matrículas universitarias conxeladas, unha medida mellorada agora coa gratuidade total para todos os cursos de grao. No caso dos estudos de máster, as taxas vanse manter conxeladas unha vez máis no prezo medio de 11,89€/crédito, o que supón un importante aforro para as familias.

Deste xeito, Galicia vai ter a universidade máis accesible de toda España, coa matrícula de grao gratuíta e os másteres máis baratos do Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5 M€ AO IMPULSO DA TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL E A DIXITALIZACIÓN DE PEMES E AUTÓNOMOS GALEGOS

- A nova convocatoria das axudas contará con apoios do 35 % dos investimentos para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas, mentres que para os gastos de consultaría, a intensidade de subvención será do 50 %
- Como novidade, nesta convocatoria introdúcese por primeira vez unha liña específica que atende á dixitalización dos procesos loxísticos, e favorécese tamén a implantación de iniciativas que se leven a cabo nun concello emprendedor
- Desde a posta en marcha da liña no ano 2018, apoiáronse máis de 1.100 solicitudes de autónomos e pemes, cun importe total de axudas de 24 M€, mobilizando investimentos por 57 M€

O Consello da Xunta coñeceu unha nova convocatoria do programa de apoio á dixitalización, que este ano destina 5 millóns de euros ao impulso da transformación industrial e a reforzar a aposta dixital de pemes e autónomos galegos co obxectivo de mellorar a competitividade do tecido produtivo.

A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, activa esta nova convocatoria que persegue apoiar a posta en marcha de sistemas cuxa finalidade sexa o soporte de procesos sectoriais multiempresa, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación, procesos entre un líder industrial cara ás empresas que conforman a súa cadea de valor ou proxectos individuais cara á dixitalización ou conectividade da peme. Os apoios serán do 35 % dos investimentos para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas. Así mesmo, para os gastos de consultaría, a intensidade da axuda ascenderá ata o 50 %.

Deste xeito, a través desta convocatoria que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) esta mesma semana, impulsaranse dous tipos de iniciativas. Dun lado, proxectos colectivos en que un grupo de empresas abordará, de forma conxunta, a implantación de sistemas dixitais, xa sexa nas súas interaccións ou nos procesos de xestión. Doutro, iniciativas individuais en que unha peme ou un autónomo poderá promover interfaces dixitais, sistemas de intelixencia artificial, sistemas para a dixitalización, ou sistemas de mellora da función loxística da empresa, en que se configura como unha das principais novidades desta convocatoria.

De feito, cóbrense actuacións como a robotización dos procesos, a xeolocalización de cargas ou medios de transporte, a aplicación de vehículos autónomos, a reciclaxe de materiais de envasado, a aplicación da realidade virtual ou aumentada a estes procesos, ou a monitorización da pegada de carbono no transporte e a distribución de mercadorías de cara á súa redución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a súa posta en marcha en 2018, estas axudas á dixitalización levan mobilizados preto de 57 millóns de euros, chegando a máis de 1.100 autónomos e pemes. Unha liña á que cabe engadirlle os obradoiros de dixitalización, organizados coa colaboración de asociacións, clústeres ou centros tecnolóxicos, que suman en conxunto máis de 1.250 asistentes desde a súa activación nese mesmo ano.

Deste xeito, o Goberno galego mantén a súa aposta pola dixitalización do tecido empresarial da Comunidade como un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica, na procura de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE EXECUCIÓN DUNHA GLORIETA NA AC-418 AO PASO POLO CONCELLO DE MALPICA, CUN INVESTIMENTO DE 325.000 €

- Trátase de mellorar a seguridade viaria, mediante unha glorieta que reduza a velocidade dos vehículos nunha zona sensible pola intersección de acceso ao Colexio Público Milladoiro e ao centro cívico
- A glorieta disporá dunha circunferencia de radio de 14 metros no anel exterior e 8 metros de diámetro no anel interior, con zona verde interior
- Adaptaranse os treitos de acceso e saída da glorieta, con actuacións na rúa Canido e no acceso ao colexio
- Nas vindeiras semanas o proxecto de trazado someterase ao trámite de información pública, tamén a efectos expropiatorios, xa que se afectan 2 predios
- A previsión é aprobar definitivamente o proxecto no outono para realizar a convocatoria dos actos expropiatorios e licitar as obras no primeiro trimestre de 2025

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á aprobación provisional do proxecto de execución dunha glorieta na estrada autonómica AC-418, ao paso polo concello de Malpica.

Esta intervención, cun orzamento inicial previsto de preto de 325.000 €, ten como obxectivo a mellora da seguridade nesta vía, concretamente no punto quilométrico 15+470, especialmente sensible ao ser unha intersección que dá acceso ao colexio público Milladoiro e ao centro cívico da localidade.

Na entrada ao núcleo urbano de Malpica, a urbanización das marxes da AC-418 vaise densificando progresivamente, converxendo edificios de vivendas e equipamentos nunha recta de 200 metros de lonxitude que ten unha forte pendente lonxitudinal descendente.

Os vehículos proceden dunha estrada con características interurbanas e existe un trazado recto nese treito, polo que se poden producir excesos de velocidade, a pesar de ser unha vía limitada a 50 km/h.

Para resolver esta situación, o proxecto propón a execución dunha glorieta en torno ao punto quilométrico 15+470 da estrada AC-418.

A glorieta disporá dunha circunferencia de radio de 14 metros no anel exterior da calzada, e 8 metros de diámetro no anel interior, que será de formigón cunha pequena zona verde interior.

Nos treitos de acceso e saída da glorieta da AC-418, entre os puntos quilométricos 15+430 e 15+490, prevese a realización de adaptacións pola súa implantación. En

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concreto, actuarase na rúa Canido, afectada nunha lonxitude de 10 metros; e no acceso ao colexio público, nunha lonxitude de 20 metros.

Na intervención, tamén se reporán as beirarrúas cun ancho próximo aos 3 metros e pavimento de louseta, dando continuidade aos itinerarios peonís existentes.

Con respecto á pavimentación da calzada, esta será en aglomerado en quente naquelas superficies que antes da obra non contaban con pavimento.


Ademais, acondicionarase a drenaxe á nova configuración da glorieta, e rematarase a obra con sinalización horizontal e vertical.

Tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase este proxecto ao trámite de información pública ao longo dun prazo dun mes. Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén a efectos expropiatorios, xa que se afectan 2 predios cunha superficie de 599,00 m².

A partir de aí, os trámites administrativos continuarán coa análise das achegas recibidas, para incorporar ao proxecto aquelas que se consideren oportunas.

A previsión da Xunta é aprobar definitivamente o proxecto no outono para poder realizar a convocatoria dos actos de levantamento das actas previas das expropiacións e licitar as obras no primeiro trimestre de 2025. O prazo para acometer os traballos é de 5 meses.

Situación da glorieta na AC-418:




INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxe do treito de entrada en Malpica da AC-418



Planta xeral da nova glorieta proxectada:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CASE O 97 % DOS GALEGOS MAIORES DE 14 ANOS LE ALGÚN TIPO DE MATERIAL POLO MENOS UNHA VEZ AO TRIMESTRE

- O Consello da Xunta analizou o estudo sobre hábitos lectores e compra de libros en Galicia co gallo do Día Internacional do Libro, que se celebra o martes 23 de abril
- O índice de lectura atópase 1,4 puntos por enriba da media estatal e o 61,3 % da poboación le libros en galego tanto de xeito habitual como ocasional
- No relativo á cativada, a porcentaxe de rapaces entre 10 e 13 anos que le libros no seu tempo libre é do 83,7 %
- A Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de impulso ao libro galego no marco do Plan Xeración Cultura dotado de 34 M€

Case o 97 % dos galegos maiores de 14 anos le algún tipo de material, en calquera formato ou soporte, polo menos unha vez ao trimestre. Así se desprende do estudo sobre hábitos lectores e compra de libros en Galicia analizado hoxe polo Consello da Xunta co obxectivo de coñecer o comportamento lector da poboación residente en Galicia no marco do Día Internacional do Libro, que se celebrará o vindeiro martes 23 de abril.

Segundo este informe, en comparación co resto do país, o índice de lectura en Galicia atópase 1,4 puntos por enriba da media estatal, sendo ademais a poboación con estudos superiores a que máis fomenta este hábito. Trátase dunha actividade que, na meirande parte dos casos, comeza antes dos 15 anos. Cómpre facer mención especial ao relativo aos xornais, xa que adoitan lelos o 81,1 % dos galegos, o que supón 9,9 puntos máis que o índice de España. Tras a prensa, os medios de lectura que presentan unha frecuencia máis alta son as redes sociais e os libros.

Un dos principais resultados que se desprende deste estudo é que o 61,3 % da poboación le libros en galego tanto de xeito habitual como ocasional. Ademais, o 11,3 % dos galegos emprega o galego para ler en calquera medio ou soporte. En canto ás franxas de idade e zona de residencia, recóllese que os lectores máis habituais de libros en galego son os homes entre 25 e 35 anos da provincia de Ourense.

Motivación

Do total de galegos de máis de 14 anos que le libros, o 62,9 % faino por lecer, mentres que o 21,7 % le só por motivos de traballo ou estudos. Neste senso, entre as persoas que destinan o seu tempo libre ao hábito lector destacan especialmente as mulleres de entre 35 e 40 anos e as persoas dedican unha media de cinco horas e 23 minutos, no caso de papel, e cinco horas e 12 minutos, no caso do formato dixital. Ademais, de media e ao longo do ano, len 10,6 exemplares.

Por outra banda, os galegos que len unicamente só por motivos de traballo ou estudos con maior frecuencia son os menores de 24 anos e os de entre 35 a 54 anos. Ademais, dedican unha media de sete horas e 42 minutos e len unha media de 12,3 libros por ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto a xéneros e formatos, os galegos decántanse pola literatura, e esta modalidade é a escollida polo 79,6 % da poboación no seu último libro. Ademais, o 86,5 % dos galegos le en soporte dixital e, só no pasado ano, léronse de media 8,3 libros en formato dixital por persoa lectora. Existe tamén unha parte da poboación, o 4,8 %, que é usuaria de audiolibros. Desta, o 3,3 % escoita audiolibros polo menos unha vez ao trimestre e o 1,5 % faino semanalmente.

Ao longo do ano 2023, o 63,3 % da poboación mercou algún libro e máis da metade dos galegos adquiriron algún exemplar que non fose de texto. Ademais, en conxunto, a media de libros comprados en Galicia o pasado exercicio foi de 10,4. Como método de compra, destaca que a librería tradicional aparece como a canle favorita para os galegos, seguida da internet, onde a meirande parte das comprar fanse en Amazon.

A lectura apréciase como unha actividade emocionante e estimulante que axuda a comprender o mundo que nos rodea e que contribúe a ter unha actitude máis aberta e tolerante desde as idades máis temperás. Neste marco, no relativo á cativada, a porcentaxe de rapaces de entre 10 e 13 anos que le libros no seu tempo libre é do 83,7 %. Comparado cos datos a nivel estatal, a proporción de menores lectores en Galicia está por riba en revistas, xornais, banda deseñada e redes sociais.

Mostra de 1.200 individuos

O estudo analizado hoxe polo Consello da Xunta foi realizado por primeira vez en Galicia co obxectivo de establecer unha diagnose da actual situación deste ámbito cultural, así como axudar a formular e avaliar futuras políticas e plans para o fomento da lectura. Para realizalo, utilizáronse os mesmos parámetros que recolle o *Barómetro de hábitos de lectura e compra de libros en España* sobre unha mostra de 1.200 individuos de máis de 10 anos.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de impulso ao libro galego no marco do Plan Xeración Cultura, dotado con 34 M€ para reforzar con novas iniciativas o momento de creación e expansión do sector cultural galego e xuntar esforzos desde a colaboración público-privada para a xeración de riqueza. Trátase dunha liña que conta con 3 M€ para impulsar medidas que permiten adaptarse á transformación dixital, adecuarse ás novas realidades de consumo e crear e fidelizar lectores mediante cinco áreas: o apoio á creación, o impulso á edición e distribución, a proxección exterior, a difusión e o apoio ás bibliotecas públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DO 70 % DAS PARCELARIAS ACTIVAS EN GALICIA XA TEN ACADADA A TOMA DE POSESIÓN E OS TITULARES DE 53.762 HECTÁREAS XA SE BENEFICIAN DOS PREDIOS REESTRUTURADOS

- A Xunta inviste este ano un total de 24 millóns para seguir avanzando na mobilización de terras a través desta figura, que se complementa coas ferramentas incluídas na Lei de recuperación
- A partir da entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), decretáronse -entre os anos 2021 e 2023- outras 29 zonas de concentración parcelaria, que procuran a reorganización dunha superficie aproximada de 25.000 hectáreas
- Dende o ano 2020 entregáronse os títulos de propiedade de 32 zonas de concentración, que abranguen en total unha superficie de 21.753 hectáreas pertencentes a 17.318 propietarios

A Xunta impulsa as concentracións parcelarias na nosa comunidade mediante un investimento que só este ano roldará os 24 millóns de euros. Esta dotación permitirá seguir avanzando, segundo o informe do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno autonómico, nun total de 109 parcelarias activas en Galicia, que en total concentran preto de 100.000 hectáreas.

Destas 109 parcelarias activas, 80 foron decretadas previas á entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (a coñecida como Metaga), e poñen en valor 74.100 hectáreas. Apoiado polo esforzo continuado do Goberno autonómico, que leva investido preto de 190 millóns de euros neste paquete de parcelarias, un total de 55 das 80 -o 69 %- ten acadada a toma de posesión, polo que os titulares dos predios reestruturados -en total, 53.762 hectáreas desas 74.100 incluídas nestas concentracións- xa poden beneficiarse dun xeito efectivo deste proceso.

No documento destácase a forte aposta da Xunta por esta figura, dentro do obxectivo estratéxico de mobilizar terra agraria para poñela a disposición dos produtores e así reverter o abandono. Neste sentido, só entre os anos 2021 e 2023 decretáronse outras 29 zonas de concentración parcelaria -7 na provincia da Coruña, 11 en Lugo, 5 en Ourense e 6 en Pontevedra-. Estes decretos procuran a reorganización dunha superficie aproximada de 25.000 hectáreas, a través dunha ferramenta, a Metaga, que recorta dun xeito notable os prazos dos trámites previstos neste proceso.

Estes datos avalan o compromiso do Goberno autonómico coa mobilización de terras -potenciado a través da Lei de recuperación da terra agraria- e que se referenda tamén co volume de parcelarias pechadas nos últimos catro anos. Neste sentido, no informe recóllese, por exemplo, que, dende o ano 2020, entregáronse os títulos de propiedade de 32 zonas de concentración parcelaria en toda Galicia -15 na Coruña, 11 en Lugo, 4 en Ourense e 2 en Pontevedra-. Estas abranguen en total unha superficie de 21.753 hectáreas pertencentes a 17.318 propietarios, o que permitiu concentrar 168.975

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parcelas en 36.690 predios finais, cuadruplicando -o incremento é do 461%- o tamaño medio das leiras, ao pasar dos 1.286 m² aos 5.928 m².

Mellora da rede de camiños das parcelarias

O investimento do Goberno autonómico para este ano estará destinado a obras e servizos técnicos das novas reestruturacións, así como para continuar avanzando nas restantes parcelarias activas. Dentro dos fitos previstos para este ano están tamén os de completar as obras na rede de camiños principais en Oleiros (Silleda) e Brandariz-Obra sector Brandariz (Vila de Cruces), así como na rede de camiños secundarios en Arantón Santa Sabiña (Santa Comba), Fisteus (Curtis), Guillamil Sabariz (Rairiz de Veiga) e Briallos (Portas). A realización das obras da rede viaria destas zonas activas, coa execución de dúas redes de camiños principais e catro redes de camiños secundarios, preve un investimento neste ano de algo máis de 2 millóns de euros.

O estudo avaliado hoxe polo Goberno autonómico sinala que estes procesos teñen indubidables vantaxes. Entre elas, reducen o número de predios por explotación e incrementan a súa superficie, o que permite obter unha mellor base territorial e abaratar os custes de monte e de produción.

Estes procesos tamén clarifican e actualizan a titularidade da terra e crean unha rede viaria que permite a mellora das comunicacións. Esta mellora rexístrase non só cos propios predios senón, evidentemente, entre poboacións, o que facilita a modernización dos medios tanto mecánicos como estruturais das explotacións existentes ou de explotacións de nova creación. Asemade, estas iniciativas facilitan o asentamento de poboación no rural e a incorporación de novos activos -en especial de persoas mozas- ás explotacións agrícolas, gandeiras e forestais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS